Quero ser investigadora

Universidade de Vigo

6



Raquel Fernández González

Edición
Unidade de Cultura Científica e
da Innovación da Universidade de Vigo

Dirección
Mónica Valderrama Santomé

Revisión lingüística
Área de Normalización Lingüística
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

Impresión
Tórculo Artes Gráficas
Vigo, 2026

D.L.
VG 190-2026

ISBN
978-84-1188-103-6

Autora das ilustraciones de portada
Alba Casanova

© Universidade de Vigo

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

Raquel Fernández González

Sempre tiven moitas preguntas.
De pequena, non me gustaban
moito os xoguetes. Tampouco aceptaba
explicacións fáciles.
Gustábame observar ás persoas.
Preguntábame por que facían o que facían.
E por que, cando faltaban cousas básicas como
pan, terra, auga ou tempo, aparecían problemas.

Na parroquia onde medrei aprendín
que o **progreso** non sempre é bo
para todo o mundo.
Un día fixeron un túnel.
Prometía un futuro mellor.
Pero destruíu pastos, cambiou a auga e
desapareceron plantas e animais.
A terra quedou danada.
A veciñanza tamén.

Aprendín que hai inxustizas
que duran moito tempo.

Pasan dunha xeración a outra.
Iso fíxome ver o mundo doutro xeito.
Por iso escollín estudar economía.

Progreso

O progreso económico é cando unha sociedade mellora a súa forma de vivir porque produce máis bens e servizos, e as persoas teñen máis oportunidades.

Pódese explicar así:

- Hai máis traballo e mellores empregos.
- As persoas gañan máis diñeiro.
- Hai mellores servizos, como sanidade e educación.
- As cidades e os pobos teñen máis infraestruturas, como estradas ou transporte.

Isto non significa só ter máis cartos. Tamén importa que a vida sexa máis cómoda e segura para todas as persoas.

Por exemplo:

Se nun lugar hai máis empresas, máis escolas e mellores hospitais ca antes, dicimos que hai progreso económico.

Decateime de que a economía
non son só números.
Tamén trata de repartir o que hai.
E de intentar que sexa máis xusto.

Pensei que a economía podía
axudar a mellorar a vida das persoas.

O que aprendín na miña parroquia
serviume para falar de pesca
e acuicultura.

Especialiceime na **acuicultura**.
Sobre todo no rodaballo.

Aprendín algo importante:
Hai que producir sen destruír.
Hai que medrar sen arrasar.
E non esquecer ás persoas.

Atopéi envexa e inxustizas tamén na
ciencia.
Pero decidín non ser así.

Acuicultura

A acuicultura é unha forma de producir alimentos do mar ou de auga doce.

- A acuicultura é criar e coidar animais e plantas na auga.
- Pode facerse no mar, en ríos ou en piscinas especiais.
- Os animais poden ser peixes, mariscos ou algas.

As persoas danlles comida, coidan da súa saúde e controlan como medran.

Despois, estes animais e plantas úsanse como alimento.

En resumo:

A acuicultura é como unha "granxa", pero na auga.

Se non fose científica, sería música.
Porque investigar tamén é buscar orde
onde parece haber caos.



Confío na xente común.
En quen sabe compartir e coidar da comunidade.

Aprendín o máis importante:

— Pensar no futuro.
— Coidar unhas persoas das outras.
— Resistir.

Penso nunha idea sinxela:

Pódese chegar lonxe sendo honesta.
O talento non debería pedir permiso.


Así vivo:
Entre o mar e os datos.
Entre a música e a estatística.

Sei que o mundo non mellora só con
boas intencións.
Pero tampouco sen elas.

E sigo coa mesma pregunta d
e cando era nena:

Que regras necesitamos para vivir mellor
sen destruír o que nos sostén?

A resposta aínda se está construíndo.



Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica
e da Innovación (UCC+i)

Vicerreitoría de Comunicación
e Relacións Institucionais

Coa colaboración de:

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE CIENCIA, INNOVACIÓN
Y UNIVERSIDADES

FECYT
INNOVACIÓN